

H. Cajaraville, breve autobiografía



Son o pequeno de cinco irmáns. Nacín na rúa dos Castiñeiros de Santiago de Compostela, a carón da cidade vella, e alí vivín ata os catro anos, época da que para a miña desgraza non gardo recordo ningún. Logo marchamos para o barrio de Vite, onde vivín ata non hai moito, época da que para a miña desgraza gardo demasiados recordos. Alguén me convenceu para estudar xornalismo (igual fun eu mesmo), e alá fun pintar a mona catro anos, que se estenderon uns cantos máis en empregos que dun modo ou doutro tiñan que ver con esa profesión que ao comezo me fascinaba, logo aborreín e agora me resulta por completo indiferente, sempre que se manteña a relativa distancia. Con 35 anos deixei o meu traballo de maquetador nunha imprenta e volvíndome estudar, desta vez un máster en lingüística galega, talvez intentando emendar o erro de dúas décadas atrás. Logo fixen outro máster de edición, e a sinerxía de ambos deume a oportunidade de traballar como corrector de orixinais en galego, actividade á que me sigo dedicando. Supoño que por ese contacto co mundo editorial un día decidín que eu tamén quería probar a ser escritor, e nun rauto de creatividade nuns meses parín catro novelas que, por fortuna, recibiron senllos recoñecementos noutros tantos certames e todas elas foron publicadas ou o serán axiña. Entrementes, sigo escribindo, agora con máis vagar; e aspiro, non a vivir disto de escribir, que xa sei..., senón a que isto de escribir siga formando parte da miña vida. [Xuño, 2016]

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/hector-cajaraville>

Obra:

De remate (2015), a súa primeira novela, coa que gañou o Premio Xerais; *Quen dá a quenda?* (2016), coa que foi finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil; *A caixaña dos rancores (Vidas cruzadas)*, tamén de 2016, obra coa que recibiu o Premio Raíña Lupa de Novela Infantil e Xuvenil da Deputación da Coruña; con *Denébola a Roxa* (2016) acadou o Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil; *Once portas* (2017) mereceu o Premio Ánxel Fole de Narración Curta do Concello de Lugo, o *segredo da casa de Formoso* (2017), novela de aprendizaxe; *Nova Nursia* (2018), novela reivindicativa.

Como tradutor é autor da versión galega d'*O gardián invisible*, de Dolores Redondo, Premio Planeta.

Alén diso, colaborou na redacción do *Dicionario Xerais de Secundaria e Bacharelato* (2014) e deu ao prelo unha serie de traballos académicos sobre lexicografía do mundo do mar, sobre recursos ludolingüísticos na prensa ou sobre a análise da linguaxe xornalística. Na actualidade, traballa como corrector de orixinais para diferentes selos editoriais galegos.

Para saber máis:
<http://www.cajaraville.eu/>
https://gl.wikipedia.org/wiki/H%C3%A9ctor_Cajaraville

Nº 0 segredo da casa de Formoso fálase de...

Demografía:

Termos como conurbación, metropoles, ou máis recentemente "metacidade" (para núcleos con máis de 20 millóns de residentes) achégannos á problemática da distribución demográfica da poboación, cunha previsión cara ao 2030 duns 2000 millóns de habitantes urbanos, basicamente en Asia. Mentres en Galicia temos déficit de xente nova. Como se podería solucionar este problema da distribución demográfica?

Crise económica:

Que sabes do estoupido da crise económica? Aínda cres que seguimos nela?

Cultura culinaria:

A arte culinaria como valor que nos identifica, xunto co anacronismo que supoñen os horarios de comida. Fomentamos a saúde alimentar ou pola contra deixámonos levar pola comida lixo? Consideras que falla moito a cultura culinaria? Cres que a mesma é un elemento identificador da idiosincrasia dun pobo?

Ensino:

Ensino público ou privado? Consideras correcto que se subvencionen os centros privados, habendo prazas nos públicos?

Matriarcado:

Como definirías ti o matriarcado das avoas? Tes referentes na túa familia?

Os nomes das casas:

A casa dos teus avós ten e/ou conserva un referente tradicional que a identifique entre a comunidade? Que opinas dos nomes que se lle están a pór ás novas edificacións? Son respectuosos co noso?

Despedimento libre:

Un dos aspectos máis negros do capitalismo. E cal é para ti a cara amábel do mesmo?

Emigración e familias fendidas:

O desarraigamento provocado pola emigración faise efectivo no ámbito familiar. Hai algún caso na túa familia?

Identidade:

O ser fillo de emigrantes provoca en David o sentimento compartido de dobre nacionalidade: a dos pais, os lazos; e a do lugar de nacemento. Ante isto consideras axeitada a expresión: "Un é non de onde nace senón de onde pace"?

Antropónimos:

Os antropónimos forman parte do sinal de identidade dunha persoa. Coñeces a orixe e significado dos teus? Están deturpados? David, o protagonista, móstranos un nome ecléctico para a integración no mundo anglosaxón e para conservar as raíces. E no teu caso?

A orde dos apelidos:

Faise referencia ao clasicismo patriarcal na orde dos apelidos. Como xa sabes agora pódese pór o do pai ou o da nai de primeiro, ti que farías? Consideras esta nova legalidade un achegamento á igualdade de xénero?

Peregrinacións a Santiago:

Como consideras que se vive actualmente o "Camiño" de Santiago, como rito relixioso ou como viaxe turística?

As TIC:

As mesmas facilitánnos a posibilidade de manter lazos cos familiares, amigos ou parella que viven lonxe. Mais como é esa relación a distancia, real ou finxida?

Transmisión lingüística:

Por un lado, a novela dá conta da identidade mantida coa transmisión e práctica idiomática no marco da diáspora (lingua alóctona). Por outro, está o referente do modelo de oralidade da TVG, afastado da ortofonía galega e que mostra unha forte castellanización fónica.

O novo lecer:

O feito de David non ver a tele fica enmarcado nas novas tendencias de lecer, a través da Internet. E no teu caso?

O progreso:

David observa unha Galicia diferente á que deixaron seus pais. Como ves ti a situación actual de benestar?

Especulación inmobiliaria e hipotecas:

Da novela extraemos que a especulación inmobiliaria é igual en todas partes, e a maiores a hipoteca.

Racismo vs. integración racial:

Procura un exemplo de cada na novela?

Crenzas relixiosas:

Como vemos a pluralidade relixiosa? E o feito do agnosticismo e/ou o ateísmo?

Supersticións:

Cres nalgunha superstición? Que valor lles das ás mesmas? Considerálas un ben inmaterial?

Riqueza lexicolóxica:

Falamos de riqueza léxica, neste aspecto consideras o galego unha lingua forte no eido da lexicoloxía?

O primeiro mundo:

O descoñecemento da realidade socioeconómica ou a prepotencia de vivir no país máis poderoso do planeta fai pensar en que os demais sempre están en condicións inferiores ás túas; ou non o consideras así? Coñecemos que países están no primeiro mundo?

O releo no comercio tradicional:

Consideras o relar un costume en proceso de desaparición co incremento das vendas en rede?

As cafeterías dos institutos:

Que opinas sobre o tipo de produtos que se venden nas cafeterías dos institutos.

A síndrome de Dióxenes:

A teima de gardar todo e non tirar nada é algo moi común nas casas, quizais derivado de vellas necesidades. E na vosa? Gustades de remexer nos recordos da vosa infancia? E nos da familia?

Guerra Civil e represión franquista:

As pescudas do mozo lévannos á Guerra Civil e á dura represión fascista e franquista, referencias sempre necesarias para a recuperación da memoria histórica e a reactivación da xustiza. Que coñeces deste período negro da nosa historia.

Os avós, testemuñas dunha época:

Apélase á memoria de informantes testemuñas dos feitos, depositarios dunha verdade que dá calafríos. Como percibes a sabedoría dos avós?

As aparencias:

Unha vez máis as aparencias, o que dirán; primeiro a honra familiar que a xustiza. Consideras isto froito da pouca conciencia democrática que hai?

Convencionalismos sociais:

O feito de David e Sonia seren curmáns ou a idade baten cos convencionalismos sociais. Como consideras ti o feito de dous curmáns se namorar? E o da idade, por que se acepta que o home si sexa máis maior e en cambio a muller non?

Independizarse:

Lucía emigra para se independizar e deixar atrás as raíces ou a familia? Ou ambas?

Feísmo:

Tes oído falar del?

Choque interxeracional:

Agroma a relación pais fillos, como a levas?

O inglés como lingua franca:

Nas relacións internacionais, sobre todo económicas. Consideras excesivo a importancia que se lle está a dar ao inglés, mesmo en detrimento das linguas autóctonas?

O maltrato psicolóxico:

Que personaxe presenta o perfil de maltratador psicolóxico?

Astronomía:

Que feito da novela serve de pretexto para nos achegar a ela?

Memoria histórica e o seu agochamento:

Considerades correcto que a familia agoche o sucedido? Ou sería conveniente desde o punto da memoria histórica que se soubera a verdade? Credes que o diñeiro pode comprar o silencio?

Amor e atracción:

Namoramento real ou froito da admiración que sente David por Sonia? Sentimentos encontrados. E vós que opinades? Poñédevos no caso dos dous.

Destino:

Consideras o reencontro con Andrea e Heather froito do destino ou simple casualidade?

Tira da novela exemplos relacionados cos temas mencionados

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

A marela tarabela

Nº 26
Marzo 2019

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

O segredo da casa de Formoso

Podemos cualificar *O segredo da casa de Formoso* de novela de instituto pola estrutura dinámica, a modo de diario, nada complexa e que fai que o/a lector/a se mergulle na historia sen dificultade. O argumento achégannos á conformación da personalidade dun mozo que presenta trazos que o identifican por un lado cun rapaz de dezaoito anos, no que a sentimentos se referir; e por outro cun adulto, en canto ao raciocinio que amosa ante o descubrimento da familia sincrónica e da terrible historia que agocha, pasando de perfil sobre o tema da Guerra Civil.

Como se recolle na contraportada do libro e na web do seu autor, Héctor Cajaraville, *David acaba de facer dezaoito anos e é o único fillo dunha parella de emigrantes galegos en Nova Jersey. No verán previo ao seu ingreso na universidade viaxa a Galicia, onde só estivera ao pouco de nacer, co fin de asinar os documentos para a venda da casa que os Formoso, a súa familia materna, herdaron na localidade costeira de Faramontáns.*

A súa intención inicial é regresar de inmediato, pero axiña van aparecendo razóns polas que prolongar a visita: unha Galicia que pouco ten que ver coa idea que el traía na cabeza, unha familia coa que nunca ata entón tivera contacto, un misterio arredor da «casa de Formoso» que enterra as súas raíces

na guerra civil... E o amor, que xorde de súpeto polo lado máis imprevisible.

Unha historia de sentimentos, pescudas, confidencias e revelacións que desemboca no achado máis transcendental: o que nos dá as claves para descubriros a nós mesmos.

<http://www.cajaraville.eu/obra/o-segredo-da-casa-de-formoso>

Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas. Con ela só queremos facer unha serie de suxestións (prescindíbeis) para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...

Esta guía



Guía de lectura [nº 15]
O segredo da casa de Formoso de Héctor Cajaraville

• O segredo da casa de Formoso: suxestións de lectura

A cidade estadounidense de Bayonne forma parte dun dos maiores conglomerados urbanos do mundo: o denominado BosWash, acrónimo formado a partir da primeira sílaba de dúas cidades que constitúen os seus extremos, Boston e Washington...

Así comeza *O segredo da casa de Formoso*. O autor, Héctor Cajaraville, sitúanos no inicio da historia nunha megalópole cunha alta densidade demográfica, espazo vital do protagonista, David, fillo de emigrantes que traballan e residen en dita cidade; emigración motivada pola *posibilidade que se lle presentou a Laureano de entrar a traballar nunha empresa da construción dirixida por un galego*. Unha vez máis as redes migratorias na época de bonanza, logo *Laureano pasou a ser un parado máis no marco dunha crise mundial que se iniciara a só uns quilómetros de alí, na sede neiorquina de Lehman Brothers*.

A nai, *Carminha, traballa* no sector da hostalería, de camareira. Atende unha clientela, sobre todo, *compuesta por galegos desexosos de manter vínculos culinarios coa súa terra*; latinos que pensan que *Galicia Restaurant é sinónimo de Spanish Restaurant e piden paella, tortilla e gazpacho*; botando man dos consabidos tópicos, neste caso culinarios, e *nativos que queren probar unha comida para eles tan exótica como a vietnamita ou a etíope*.

O pai, Laureano, está no paro, *os únicos cartos que entran son os procedentes do salario* da nai, agás cando o pai fai algunha chapuza *para poder dicir que non está man sobre man*, e para contribuir *aos estudos universitarios de David*.

O fillo, David, *rematou a secundaria e en setembro comeza o grao de Informática* nunha universidade pública, que *custa a terceira parte* dunha privada... *David non coñece Galicia*. Carminha estivo hai pouco como *única representante neiorquina no enterro da nai, que se atrasou un día para que chegase a tempo*. O problema da distancia converte estes eventos en alegría, polo reencontro familiar, e ao mesmo tempo tristeza, pola morte dun ser querido.

Tiña Carminha un aníño cando súa nai, Olivia, ficou viúva, *e desde entón loitara en solitario por sacar adiante os cinco nenos que lle quedaron, o maior de once anos*. Unha mostra da fortaleza matriarcal das mulleres galegas, viúvas de vivos e de mortos, en expresión rosaliana.

E agora, *coa morte de Olivia, a vivenda familiar quedou baleira*, a *“Casa de Formoso”*, como é coñecida. De sempre era frecuente bautizar cun nome a casa patricia ou nutricia.

Á hora de repartir a herdanza, os herdeiros deciden vender a casa co terreo a unha construtora. *O proxecto contemplaba demoler a vivenda e edificar nos terreos vinte chalés acaroados*. Coa especulación urbanística batemos. A venda faríase efectiva no verán, mais Carminha non podía vir ao traballar *nun país en que o despedimento resulta case de balde*.

Venres, 29 de xullo

A partida cara a Galicia, en representación da nai. Os consellos desta. O desexo de regresar decontado: *Non penses que vou botar alí o mes todo, estarei o tempo xusto de arranxar o asunto ese da herdanza... A min alí non se me perdeu nada*. A nai *anóxase* e retrúcalle co argumento da familia que David non coñece, salvo por fotos...

E xa no avión ouve *de cando en vez algunha palabra solta en galego*... Coñece as persoas contiguas, *dúas rapazas dunha idade próxima á súa*, Andrea e Heather, coas que dá ben. As preguntas. *“Es español?”* E a dúbida ao responder. *Non... Ben, si... Non sei*.

Sábado, 30 de xullo

A aterraxe en Madrid e o anecdótico da espera para o enlace a Santiago conforman un cadro esencial do comportamento humano: a comida lixo, colle *un sándwich nunha máquina expendedora*; as novas formas de

comunicación, envíalle *un whatsapp ao seu tío Pastor*; na fila de embarque, *ao escoitar o seu nome pronunciado á española*; o DNI dos apelidos, a azafata espétalle, *“es de Muros?”*, e a sorpresa de David, *“son de Nova Jersey, pero os meus pais son de Céltigos”; “xa mo parecía polos apelidos... É que eu son de Carnota”*.

A chegada a Lavacolla: *“David, David! -berra unha voz feminina... Non se decata ao non ouvir o nome pronunciado á anglosaxoa, entón cae na conta de que os seus pais escolleran xustamente ese nome porque se escribe igual en inglés, castelán e galego*.

E o encontro co tío Pastor e a súa curmá Sonia: *A miña nai xa me puxo ao día dos nomes e máis as caras: E grazas ao Facebook e a Instagram fun recompilando algunha información*.

A conversa co tío Pastor vaino familiarizando coa retranscrición galega ao formularlle esta unha pregunta *non para coñecer a súa opinión, senón para lle dar a posibilidade de dicir que si*.

Logo David coñece a Sara, a tía, que mostra o tópicos sempre agradecido das medras: *Pero se eu pensaba que aínda era un neno, e resulta que atopo un home feito e dereito!*

-E que ben falas o galego!

-É o que usamos na casa, explica o rapaz. E de ir ao Centro Galego...

-E tamén verás a tele de aquí, non? -Intervén Pastor- Iso axuda moito, porque vas acostumando o oído... Na conversa, que non ten desperdicio, saen Gayoso e o Luar como referentes.

-Pois a tele non a vexo... -Confesa David.

A chegada á casa do tío déixao abraiado, *unha casa de tres alturas toda de pedra... O piso que eles teñen en Bayonne apenas supera os cincuenta metros cadrados, e malia todo custou case medio millón de dólares, unha cantidade que aínda non acabaron de pagar*. David observa unha Galicia diferente á que deixaron seus pais.

Domingo, 31 de xullo

A relixión aflora na conversa ao planear as visitas turísticas, o tío non se corta e dille ao sobriño: *porque ti serás da nosa relixión, non?*

-Ben... eu... non son de ningunha...

-Pero logo non estás bautizado? Nin fixeches a comunión?

-Pois... non...

Sara mete baza afirmando: *Fai moi ben se non cre en nada, así aforra desgustos*.

A visita á catedral de Santiago dá pé para Sonia explicarlle o valor do noso patrimonio artístico, deixando a David abraiado; e logo a zona vella...; unha autofoto; e por fin o xantar:

-As tres e vinte!.. E aínda imos comer! Exclama David. *Eu na casa, no inverno, ás veces ás catro xa ceo...*

-Si, este debe ser o sitio do mundo onde máis tarde se come!.. Andamos co horario cambiado para todo.

A visita ao parque da Alameda, o bulicio da xente e certas supersticións como a da árbore dos namorados, un eucalipto ao que *disque as parellas teñen que dar unha volta arredor collidos da man se queren casar*... O percorrido pola Alameda: as dúas Mariás, a escultura de Valle-Inclán, a palmeira que plantou Eva Perón, o banco semicircular... E logo a discusión lingüística a raíz do termo nora que David non coñece e que a moza lle explica sinalando *a atracción. E logo vós como lle chamades?*

-Big wheel (roda grande).

-Non vos matades nadiña para lles buscar nomes ás cousas.

A experiencia vivida compártea co seu amigo Leonard, quen ao escoitalo afirma:

-Mi madriña, eu pensaba que o sitio ese do que veñen os teus pais era como o terceiro mundo...

-Se che digo a verdade, eu tampouco esperaba que fose así. Ata estiven a punto de traer o meu portátil...



As Mariás de Santiago.

Luns, 1 de agosto

Por fin ten lugar o encontro co resto dos tios maternos na notaría. A sinatura do documento de venda, logo da relea monetaria de Sonia no despacho do notario. A chamada á nai para lle notificar o éxito da operación e as ganas da nai de falar co fillo (*non me enredes mamá... xa sabes o caras que son as chamadas estas, moito dicir que van quitar o “roaming”, pero...*).

Martes, 2 de agosto

O almorzo. *Nas pelis de Hollywood os almorzos son coma banquetes...*

-Si xa sei. Pero eu normalmente tomo só un pouco de leite bebido, ou con galletas...

-O almorzo é a comida máis importante... E iso de coller uns donuts na cafetería do instituto aínda é peor, iso son todo graxas saturadas! Se polo menos fosen unhas pezas de froita...

-De froita?-repete David-. Aínda non vin nunca que vendesen froita no instituto. Na conversa está presente o tema do desequilibrio na dieta alimentar e da procedencia dos produtos, como o *marisco medio podre e o peixe capturado nunha das baías máis contaminadas do mundo*.

E logo a viaxe á aldea dos pais na procura das raíces. A conversa xira sobre temas diferentes: os gustos deportivos, a amizade, o amor...

Mércores, 3 de agosto

Logo do encontro con case a totalidade da familia materna na casa de Formoso e dun paseo pola aldea contemplando e gozando da paisaxe, David vai bater coas primeiras novas sobre o segredo que agocha a casa de Formoso, escoitando uns paisanos:

-O de París foi unha ruindade.

-Aquela foi unha falcatruada. O Pastor vello hase estar cocendo ben no inferno.

-Fixo o que fixeron outros.

-Pois haberá outros no inferno cocéndose canda el. E ademais aquilo foi unha calumnias que...

O misterio que agochan estas palabras déixano sumamente intrigado, cavilando no que oira de regreso á casa. O resto da tarde reláxase na praia coa súa curmá.

Xoves, 4 de agosto

A mañá amence cuberta pola brétema... O cambio meteorolóxico sérvelles a Sonia e David para subir ao faiado da casa *para escoller os obxectos que se salvarán da derruba*. David observa fotos en branco e negro, *de súpeto, para nunha delas, sorprendido polo nome: Dorinda París París!*

Sonia dille que é un apelido moi frecuente na zona, entón David recórdalle a conversa escoitada sobre o avó e París, o que os fai reflexionar sobre algo malo que fixo o avó.

Pola tarde, ao non mellorar o tempo, David volve de novo ao faiado. Segue a remexer e nestas que dá cunha serie de carpetas, nunha delas hai *documentos oficiais encabezados cunha aguiña e un xugo montado sobre varias frechas. Proido pola curiosidade, o mozo le a carta da cima: A Coruña, 9 de outubro de 1940 Prezado Pastor:*

E entre outras cousas le: *Informareino de paso dos teus méritos como colaborador na detención dos elementos rebeldes á nosa causa... Agardo que toda vaia ben pola nosa bisbarra, toda vez que conseguimos liberala do andazo bolxevique...*

O documento sitúa o mozo nos anos máis duros de represión fascista e franquista logo da Guerra Civil.

Venres, 5 de agosto

David, axitado polo segredo, unha vez en Céltigos entra no “Arquivo municipal”. Atédeo amablemente a arquivista, Rosa, que vén sendo unha vella coñecida da nai, que o conduce aos arquivos. Déixao só, entón David extrae uns folios e comeza a ler: *O interfecto foi encontrado culpable de sedición e rebeldía pola súa probada ideoloxía comunista e pola significada propaganda sindicalista desenvolvida no ámbito agrario durante o período republicano. Abriuse contra el causa penal (proceso 24/1939, de 9 de abril) pola que recae sobre o mesmo condena á pena capital pendente de execución...* subtrae, logo, unha serie de documentos

sobre o caso da casa de Formoso. Ao saír, Rosa dille que pregunte na aldea, pois *ás veces os vellos son máis eficaces ca os arquivos*.

Sábado, 6 de agosto

A viaxe á Baiona galega sérvelle a Sonia e a David para se coñeceren mellor, falan sobre a carreira que vai estudar David, sobre a que estudou Sonia, sobre a calidade das universidades públicas ao lle retrucar Sonia que *aquí se valora máis o título dunha universidade pública ca dunha privada*...; as Cíes, a lembranza da primeira visita de Sonia á vila co seu ex-mozo, a forte atracción que vai sentindo David pola súa curmá... Durante a comida, David fállalle a Sonia dos seus achados sobre o pasado do avó: *O París ese era un veciño do avó na época da guerra civil. Pois creo que o noso avó delatou ese veciño ante as autoridades e que en compensación lle regalaram os terreos en que edificou a casa*... E engade que ten documentos que o demostran. Entón Sonia contéstalle: *Dáste de conta do que supoñería que lle dixésemos isto ao resto da familia? Teñen o avó por un heroe*.

E pola noite unha nova chamada ao seu amigo Leonard para contarlle as andainas. Entón Leonard conclúe que David está namorado da súa curmá e bota man dos convencionalismos sociais: *Non ves que é da familia e que che leva unha morea de anos... O único que saco en limpo é que estás namorado de verdade*.

Domingo, 7 de agosto

Sonia e David aparcan no aeroporto de Lavacolla... Van buscar Lucía, a irmá de Sonia, emigrada nas Canarias. O encontro con David, as presentacións, a reacción de Sonia (*Pero se é guapísimo! Mágoa que sexa da familia*...); a conversa no coche sobre a súa estancia e traballo na Gomera...; e a pregunta obrigada de Lucía a David:

-E que che parece Galicia?

-Gústame moito, a verdade. Se tivese que describirla nunha palabra, escollería “verde”...

-Moi orixinal non es... Iso de verde é o tópicos dos tópicos!

Entón intervén Sonia falándolle da outra Galicia, a que non veu, e que adoitaos relacionar co “feísmo”: *Casas co ladrillo á vista, fragas atravesadas por autovías, ríos convertidos en vertedoiros, fervezas que só botan auga cando abren o encaro...*

-Estamos nós para falar, retruca Lucía, *que lle vendimos a casa a unha inmobiliaria*...; amosando a súa conciencia ecolóxica e deitando que *ao final o único que nos importa son os intereses persoais*... -Tes razón, intervén David, *pero supoño que esa tinteira do pelo non sae dos prados*... Con isto David quere deixar claro que todos en maior ou menor grao somos culpábeis da desfeita que afecta globalmente ao planeta; o que non lle presta a Lucía, polo que semella que a relación entre os dous curmáns *non vai ser precisamente unha balsa de aceite*.

No reencontro de Lucía cos pais asoma un forte choque interxeracional, mais durante a cea a conversa familiar desenvólvese de xeito menos tenso, nela o pai maniféstalle a Lucía o seu desexo de que regrese:

-Eu tiña a esperanza de que volveses sabendo inglés para que me axudases na empresa...

-Que teima co inglés, nin que fose a única lingua que se fala no mundo...

Logo da cea, fican Sonia, David e Pastor sos, daquela os mozos achan o momento de comentarlle o caso do avó:

-Papá... Sinto que teñas que oír o que che imos contar... Entón David relátalle as súas pescudas sobre a historia da casa. Ao rematar, o tío preguntalle se o sabe algún máis; e remata por dicirlles que el xa o sabía todo, aclarándolles:

-O meu pai xa morrera cando eu o souben... Todo o da guerra e os anos seguintes quedou soterrado baixo un pacto de silencio... Aquilo foi unha atrocidade... Para min tampouco foi doado: renunciei a esta casa e mesmo a vivir aquí... E o de venderlla a unha inmobiliaria que a vai demoler pareceume a mellor opción. Elimínala. Enterrala. Borralla para sempre. Sabedes o que? Ata o apelido se vai perder: de todos os netos só levades o Formoso de primeiro ti e a túa



irmá... pero os vossos fillos levarano de segundo. E na próxima xeración...

-Agora pódeselles dar a volta aos apelidos...

-Pois non se che ocorra...

O feito de querer esquecer todo mesmo chega á renuncia do clasicismo patriarcal na orde dos apelidos. A conversa é interrompida por Sara, mais antes dálle tempo a Pastor para lles comentar que coñece os fillos de Bernardo París e que está en contacto con eles.

Luns, 8 de agosto

Chega o momento de ir visitar os avós paternos. A visita é fría e distante, sobre todo por parte do avó, pois a avoa ten que coutar os sentimentos ante a presenza do seu home, que se dirixe ao neto con resentimento, con frases como estas:

-Fas ben arrimarte a eles máis ca a nós... Nesta casa non hai tanta fatura... Non é o mesmo vir buscar unha presada de cartos que enterra unha vella... Fillo de porco...

Mesmo o avó amosa un carácter machista ao berrarlle á avoa de David: *-Ti cala...*

Ante a actitude irada do avó, David decide rematar a visita malia a contrariedade da avoa, pois *dúas bágoas bailan nos ollos* da mesma.

A actitude despótica do avó amosa un perfil de maltratador psicolóxico, e todo polo despeito que amosa a respecto do seu fillo emigrado.

Xa pola noite Sonia leva a David á praia para ver *as bágoas de San Lourenzo*.

Martes, 9 de agosto

Chega o momento de retomar a conversa sobre o acontecido a Bernardo París. A reflexión de Pastor endurecese: *Moitos foron fusilados axiña, pero outros casos o proceso demorouse por cuestións administrativas... No caso de Bernardo a execución foise adiando*...; neste caso o cárcere acabaría coa súa saúde finando aos trinta e tres anos e *á muller non lle quedou máis remedio que marchar*. E agora tocaba reparar o irremediable, así Pastor ingresoulles aos fillos de Bernardo a súa parte íntegra da venda da casa, mais o *propio sería darlles os cartos todos, e aínda así non abondaría. Pero non pode pedirlles a miñas irmás que compartan esta teima... Por iso vos rogo que gardedes o segredo como eu fixen*.

A festa pola noite e a declaración de amor de David a Sonia:

-A min quen me gusta es ti, espétalle David a Sonia, que se detén fitando a seu curmán e dicindo que con estas cousas non se debe bromear.

-Non é broma ningunha, Sonia. Digocho moi en serio... Gústasme moito... e creo que me estou namorando... que estou namorado de ti.

-David, ti toleaches... Son a túa...

-Si, xa o sei. Somos da familia. E tamén sei que me levas sete anos...

Ao chegar á casa e antes de entrar, Soniaponse na punta dos pés e aproxima os labios aos do seu curmán...

Amor ou atracción. Sentimentos encontrados.

Mércores, 10 de agosto

O xantar familiar e a despedida da casa, as conversas sobre a vida de David nos EE.UU., as punzantes observacións de Lucía, a defensa de Sonia da vida de David e a sentenza final da irmá:

-Moito defendes ti os Estados Unidos. Habería que ver o que facías no caso de que David fose feo e pequeno!

-Pero iso a que vén (anóxase Sonia).

-Eu ben me entendo...

O achegamento afectivo de Lucía cara a David: *-Parece que non es un deses paifocos que desfrutan facendo procesións con carapuchos de punta na cabeza*..., ao saber que o seu amigo é negro e que tivo unha moza negra.

A despedida de Lucía serve para confirmar ese achegamento: *-Se volves algún día, non me deixes ser tan insolente contigo...- Volverei, e sei que non o serás...*

Xoves, 11 de agosto

A partida. A despedida serve para se expresar con sinceridade:


-Viñeches buscarme e tamén vés despedirme...

-De verdade cres que te namoraches de min?

-Mira, Sonia... Só son capaz de pensar en ti...

O agasallo sorpresa de Sonia, a emoción de David, as promesas de contacto... *Sonia abre os brazos e David ágachase para se fundir con ela nun longo abrazo*... -Adeus, David. -Adeus, “cousiña”

Xa na zona de embarque o reencontro con Andrea e Heather. O destino?



Atila en Galicia. Castelar